COGAMI

CÓDIGO ÉTICO E DE CONDUTA

MF

MARCA FRANCA

INTRODUCIÓN. 2
1. A QUEN APLICA ESTE CÓDIGO? 2
2. PROPÓSITO, MISIÓN, VISIÓN E VALORES. 2
3. PAUTAS XERAIS DE CONDUTA 5
3.1. DESENVOLVEMENTO DAS PERSOAS 5
3.1.1. Contorna laboral equitativa e estable. 5
3.1.2. Protección da seguridade e da saúde. 5
3.1.3. Desenvolvemento profesional. 6
3.1.4. Diversidade, inclusión, igualdade de oportunidades e non discriminación. 6
3.1.5. Ambiente de traballo seguro. 6
3.2. CONDUTA ÍNTEGRA 7
3.2.1. Rigor financeiro. 7
3.2.2. Tolerancia cero á corrupción. 7
3.2.3. Conflitos de intereses. 8
3.2.4. Agasallos e invitacións. 8
3.2.5. Actividades políticas. 8
3.3. DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE 9
3.3.1. Protección do medio ambiente. 9
3.3.2. Relación coas persoas usuarias 9
3.3.3. Relación coas persoas clientas. 9
3.3.4. Relación coas persoas provedoras e colaboradoras. 9
3.3.5. Relación co sector público. 10
3.3.6. Relación co mercado. 10
3.4. PROTECCIÓN DOS ACTIVOS E DA INFORMACIÓN 11
3.4.1. Deber de confidencialidade. 11
3.4.2. Responsabilidade e dilixencia. 11
3.4.3. Uso respectuoso dos recursos. 11
3.4.4. Sometemento á legalidade e actuación en interese de COGAMI. 12
4. SISTEMAS INTERNOS DE INFORMACIÓN 12
5. O ÓRGANO DE CUMPRIMENTO: O COMITÉ DE CUMPRIMENTO NORMATIVO. 13
6. RÉXIME SANCIONADOR. 14
7. ENTRADA EN VIGOR E REVISIÓN. 14

INTRODUCIÓN.

COGAMI é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito autonómico declarada de utilidade pública. Constituída por 60 asociacións, é a entidade máis representativa das persoas con discapacidade en Galicia.

Dende o ano 1990, COGAMI desenvolve o seu labor en todo o territorio de Galicia co propósito de conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade e mellorar as súas condicións de vida e as das súas familias.

Afondando na súa traxectoria de responsabilidade e compromiso social, COGAMI iniciou a implantación do seu Programa de Cumprimento Normativo, do que o presente Código ético e de conduta é a norma fundamental. Así, este código recolle os principios básicos que rexen a actividade de COGAMI e define a súa cultura de cumprimento.

1. A QUEN APLICA ESTE CÓDIGO?

Este código é de aplicación a COGAMI Social, COGAMI Empresarial e COGAMI Xenera (en diante, neste código, " COGAMI" entenderase como conxunto de todas elas) e a todas as persoas físicas que as conforman, incluído o persoal voluntario ou en prácticas e quen forma parte dos seus órganos de goberno. É obrigatorio para todas elas coñecer e cumprir o contido deste código e colaborar na súa implantación, polo que lles será comunicado individualmente para que poidan aceptalo de forma expresa. Quen teña persoal ao seu cargo debe velar polo cumprimento do Código.

O Código poderase extender, total ou parcialmente, ás persoas físicas ou xurídicas que se relacionen con COGAMI cando así conveña pola natureza da relación e sexa posible.

Tomando como base o referido no parágrafo anterior, e de conformidade co establecido nos seus Estatutos (artigos 15.1 d) e 17 h)), COGAMI esixe o cumprimento do punto 2 deste Código ás organizacións asociadas a ela en calidade de membros ordinarios, extraordinarios e adheridos. Estas organizacións han de facer seus estes valores, rexíndose por eles e sen dar cabida a outros que os contraveñan.

2. PROPÓSITO, MISIÓN, VISIÓN E VALORES.

O Propósito de COGAMI é acadar a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade.

A súa Misión compóñena a defensa e a promoción dos dereitos das persoas con discapacidade, a transformación social, o fortalecimento do asociacionismo, a xeración de oportunidades de

emprego e a prestación de servizos que satisfagan as necesidades e expectativas das persoas con discapacidade en todo o territorio de Galicia.

A Visión de COGAMI é ser unha entidade centrada na persoa, sostible e recoñecida pola sociedade pola súa proximidade, polos seus valores e polo liderazgo na búsqueda e aplicación de metodoloxías de traballo coas persoas con discapacidade e na prestación de servizos de excelencia dirixidos a elas.

COGAMI actúa respectando os seguintes valores:

- Valores de xestión:
    - **Transparencia**. Nitidez económica, informativa e metodolóxica cara á clientela, as persoas usuarias, as organizacións relacionadas e a sociedade en xeral.
    - **Mellora continua**. Planificar, executar, avaliar e introducir cambios coa finalidade de acadar melloras nas actividades que se realizan e nos servizos que se ofrecen.
    - **Innovación**. Busca continua de novos servizos, procesos, metodoloxías, ferramentas e alianzas para responder da mellor forma posible ás necesidades e expectativas dos principais grupos de interese, formando estes parte activa de todo o proceso.
    - **Calidade**. Esixencia na persecución da excelencia e o bo facer en todas as actuacións.
    - **Profesionalidade**. Fomento da empregabilidade de persoas que, ademais de dispoñer dos coñecementos e as competencias necesarias para desempeñar o seu traballo, teñen interiorizada a misión de COGAMI e actúan con proactividade, lealdade, compromiso e implicación.
    - **Democracia interna**. Participación activa dos grupos de interese no deseño dos fins e medios de COGAMI e respecto do principio da maioría nas decisións comúns.
    - **Enfoque de xénero**. Valoración transversal das implicacións que teñen para mulleres e homes as diferentes accións e a aplicación de políticas en todas as áreas de tal forma que se facilite aos dous grupos por igual o acceso aos órganos de COGAMI e aos servizos que preste.
- Valores da entidade:
    - **Defensa dos dereitos das persoas con discapacidade**. Promoción e protección do respecto á súa dignidade e do goce pleno e en condicións de igualdade legal

en canto aos dereitos humanos e liberdades fundamentais de todas as persoas con discapacidade, en especial no relacionado con:

  - autonomía individual: independencia e liberdade de tomar as propias decisións;
  - participación plena e efectiva na sociedade;
  - respecto pola diferenza e aceptación das discapacidades como parte da diversidade da condición humana;
  - accesibilidade universal e deseño para todas as persoas;
  - respecto á evolución das facultades das persoas menores con discapacidade e do seu dereito a preservar a súa identidade.

- **Igualdade interseccional**. Posta en marcha de medidas de acción positiva que garantan a visibilización e a eliminación da discriminación das persoas por razón de discapacidade, xénero, orientación sexual, etnia, cultura, relixión, estatus social, ámbito de residencia (rural/urbano).... en prol da igualdade real.
- **Solidariedade**. Apoio mutuo entre COGAMI, as organizacións relacionadas con ela, as persoas con discapacidade e as súas familias.
- **Participación plena e efectiva**. Implicación dos principais grupos de interese no establecemento dos obxectivos e no desenvolvemento dos servizos.
- **Implicación social**. Participación activa na defensa doutras causas sociais máis alá da discapacidade, sempre que non contradigan os valores e a misión da organización.
- **Independencia**. Actuación e toma de decisións con plena autonomía e independencia dos poderes públicos, as formacións políticas, os axentes sociais, as entidades relacionadas e calquera outro ente ou grupo de presión.

Ademáis, COGAMI adhírese á Declaración Universal dos Dereitos Humanos, á carta de Dereitos Sociais da UE, ás normas unificadas de Igualdade e á Convención da ONU sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

3. PAUTAS XERAIS DE CONDUTA

3.1. DESENVOLVEMENTO DAS PERSOAS

3.1.1. Contorna laboral equitativa e estable.

COGAMI defende os dereitos das persoas que emprega e unha contorna laboral digna, de acordo coa lexislación aplicable no ámbito laboral e da Seguridade Social. Por iso, promove:

- unha cultura de contratación baseada na estabilidade e nos principios de mérito e capacidade para ofrecer iguais oportunidades laborais a quen accede á organización ou promociona dentro dela, coa obxectividade presidindo estes procesos;
- a colaboración e o traballo en equipo, incentivando a participación, a responsabilidade e a liberdade de expresión;
- a formación continua do persoal;
- un ambiente laboral respectuoso, cun clima de diálogo e transparencia coas persoas traballadoras e coa súa representación legal;
- unha actitude colaborativa coa administración laboral e da Seguridade Social.

COGAMI non contrata persoal por debaixo da idade legal ou non capacitado e autorizado para traballar legalmente en España e non manterá relacións con ningunha organización sobre a que haxa sospeitas fundadas de que poden estar a consentir ou alentar estas condutas ou calquera outra forma de explotación laboral.

3.1.2. Protección da seguridade e da saúde.

COGAMI está comprometida coa seguridade e a saúde do seu persoal e as das persoas coas que ten relación, polo que proporciona o material de protección necesario, as pautas para os casos de emerxencia e todas as formacións necesarias.

As persoas suxeitas ao Código deben cooperar con COGAMI e velar pola súa propia seguridade e a das outras persoas, polo que deben comunicar de inmediato calquera situación que supoña un risco, empregar responsablemente o material de protección e trasladar as necesidades que detecte. Deben, así mesmo,

ter presente que COGAMI prohibe o consumo de substancias que afecte ao debido cumprimento das obrigas profesionais.

3.1.3. Desenvolvemento profesional.

As persoas que traballan en COGAMI son o motor da súa actividade, polo que garante as oportunidades de formación e desenvolmento de todas elas, establecendo Plans de Formación anuais e potenciando o talento mediante a promoción interna. Así mesmo, conta coa súa participación activa no desenvolvemento dos obxectivos estratéxicos da organización.

3.1.4. Diversidade, inclusión, igualdade de oportunidades e non discriminación.

COGAMI non tolera as faltas de consideración nin os comportamentos de acoso ou discriminatorios de calquera tipo (discapacidade, sexo, orientación sexual, xénero, raza, relixión, opinión política, afiliación sindical, orixe, estado civil, condición social, etc.).

Ademais, está a impulsar a atención integral centrada na persoa, un modelo que sitúa a esta no centro de calquera proceso de atención ou intervención e ten en conta as súas necesidades, os seus desexos, as súas preferencias e os seus dereitos.

Así mesmo, COGAMI conta cos Plans de Igualdade correspondentes e con Políticas de Traballo a Distancia e de Flexibilidade Horaria, coas que se favorecen a conciliación e os diferentes proxectos de vida.

3.1.5. Ambiente de traballo seguro.

COGAMI ten en marcha todos os medios ao seu alcance para previr, detectar e eliminar calquera conduta da que poida derivarse unha situación de acoso. A organización implantou un Protocolo de Prevención e Actuación fronte ao Acoso Sexual e/ou por Razón de Sexo e Xénero, Orientación Sexual, Identidade de Xénero e/ou Expresión de Xénero, e/ou Características Sexuais, Acoso Laboral ou Mobbing e Outras Expresións de Violencia no Traballo.

3.2. CONDUTA ÍNTEGRA

3.2.1. Rigor financeiro.

COGAMI cumpre con rigor a normativa fiscal vixente e non tolera as condutas dirixidas a eludir ilicitamente o pago de impostos ou obter fraudulentamente axudas, vantaxes ou beneficios. As persoas suxeitas ao Código deben colaborar en todo momento coa Facenda Pública e as administracións competentes, aportando a información que lle sexa requirida, sen ocultala ou terxiversala.

Quen participe nos procesos contables e financeiros deberá asegurarse de que os rexistros, libros e demais documentos proporcionen unha imaxe fiel e rigorosa da situación económica da organización e preservar a súa confidencialidade. Prohíbese toda ocultación, transmisión, cesión ou calquera outro medio de disposición dos activos titularidade de COGAMI que teña por finalidade eludir o cumprimento das súas obrigas fronte ás persoas acredoras.

Deben controlarse as transaccións económicas non previstas que, polo seu importe ou pola súa natureza, sexan inusuais ou estean dirixidas a contas en paraísos fiscais ou proveñan delas.

COGAMI non permite que se empreguen os seus fondos para sufragar gastos non expresamente prohibidos pero si contrarios ao marco ético deste código e da normativa que o desenvolva. Tampouco están permitidos os cobros e os pagos en efectivo e quen teña tarxetas corporativas deberá usalas de xeito razoable e coherente, só para gastos profesionais, que haberán de quedar debidamente xustificados.

As subvencións e as axudas que COGAMI reciba terán que ser completamete destinadas aos fins para os que se concedan e a documentación que se entregue para a súa solicitude/xustificación ten que ser veraz.

3.2.2. Tolerancia cero á corrupción.

A corrupción consiste en dar, ofrecer, promover, solicitar, recibir ou aceptar, directamente ou mediante persoas intermediarias, vantaxes económicas ou doutro tipo (agasallos, trato preferente...) a persoas do sector público ou privado (empresas, funcionariado, autoridades...) en España ou no estranxeiro para obter un beneficio indebido.

As persoas suxeitas ao Código non poden empregar ou invocar o seu vencello con COGAMI para realizar calquera tipo de práctica corrupta.

COGAMI non permite ningún tipo de práctica corrupta, dentro do que se inclúen os chamados pagos de facilitación (aqueles que buscan acelerar trámites aos que se ten dereito). Se coñecen dalgún comportamento corrupto, as persoas suxeitas ao Código deben comunicalo de inmediato.

3.2.3. Conflitos de intereses.

Os conflitos de intereses son situacións nas que os intereses persoais (familiares, económicos ou doutro tipo) entran ou poden entrar en conflito cos de COGAMI dun xeito no que se vexa comprometida unha decisión profesional.

Con respecto absoluto á privacidade das persoas suxeitas ao Código, COGAMI agarda delas que, nas súas decisións profesionais, actúen tendo como obxectivo o ben da organización e, tamén, que eviten colocarse en situacións de risco de conflito de intereses e que, se se atopan nunha, a comuniquen de inmediato.

3.2.4. Agasallos e invitacións.

As persoas suxeitas ao Código non poden invocar nin empregar o seu vencello con COGAMI para aceptar ou entregar agasallos ou invitacións de carácter persoal. Con todo, intercambiar agasallos ou invitacións constitúe práctica lexítima nas relacións comerciais, polo que COGAMI permíteo cando:

- sexan parte dunha práctica comercial ou un uso social de cortesía xeralmente aceptado;
- teñan un valor simbólico ou economicamente irrelavante, entendendo que non cumpren este requisito os casos nos que unha mesma persoa entregue ou reciba o equivalente a 90 euros ao ano;
- unha persoa obxectiva non podería interpretalos, polas súas características, frecuencia ou calquera outra circunstancia no sentido de que buscan afectar á imparcialidade ou a obxectividade de quen os recibe para obter un trato preferente ou un beneficio indebido.

Calquera dúbida sobre se é posible aceptar ou entregar un agasallo ou unha invitación debe ser consultada co Comité de Cumprimento Normativo.

3.2.5. Actividades políticas.

COGAMI non realiza, directamente ou mediante persoas interpostas, donacións ou contribucións a partidos políticos ou federacións destes, candidaturas electorais ou calquera outra organización de índole política ou sindical nin ás súas

persoas representantes ou candidatas e prohibe que se invoque o vencello con ela para intermediar ou facilitar a súa entrega. Cando as persoas suxeitas ao Código estean vencelladas, colaboren, pertenzan ou contribúan con partidos políticos ou entidades dependentes ou relacionadas con eles, deberán deixar claro que o fan a título persoal e evitar toda involucración de COGAMI.

3.3. DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

3.3.1. Protección do medio ambiente.

A actividade de COGAMI pode impactar no medio ambiente. A organización esfórzase por minimizar ese posible impacto cun enfoque preventivo, polo que, ademais de cumprir coa normativa aplicable, conta cunha Política de Sostibilidade Ambiental, colabora coas administracións públicas e potencia as boas prácticas que fomentan a sostibilidade e o aforro enerxético. Por iso, as persoas suxeitas ao código teñen que actuar sempre con respecto ao medio ambiente e segundo establezcan as diferentes normativas aplicables.

3.3.2. Relación coas persoas usuarias

As persoas suxeitas a este código deben procurar o benestar e a integración das persoas usuarias e das súas familias. Deben prestarlles o apoio que precisen para expresar as súas necesidades e tratalas dun xeito respectuoso e evitar calquera vulneración da súa intimidade e/ou privacidade. Así mesmo, teñen que comunicar inmediatamente calquera situación de risco que detecten.

3.3.3. Relación coas persoas clientas.

As persoas suxeitas a este código han de actuar sempre con honestidade, profesionalidade e rigor coas persoas clientas, tendo coidado de non proporcionarlle información ou realizar actos que podan ser interpretados como enganos para conseguir unha contratación que non se produciría doutro xeito e poñendo a súa disposición as canles axeitadas para reclamar en caso de insatisfacción co servizo.

Sempre que sexa posible, ha de incluírse unha cláusula de cumprimento normativo na formalización da relación coas persoas clientas.

3.3.4. Relación coas persoas provedoras e colaboradoras.

A relación con persoas provedoras e colaboradoras basearase en criterios de calidade, prezo, reputación e, no seu caso, na confianza previamente acreditada. Quen participe

na súa selección deberá guiarse pola obxectividade e promover unha relación respectuosa e lícita na que se esixa o cumprimento eficiente do pactado.

COGAMI poderá practicar as medidas de dilixencia debida que considere antes de establecer calquera relación con persoas provedoras e colaboradoras e, agás casos excepcionais, as relacións con elas deben figurar por escrito e indicar que esas persoas son coñecedoras de que COGAMI conta cun Programa de Cumprimento Normativo. Ademais de esixirlles que operen en cumprimento da legalidade vixente, poderá extendérselles todo o que do Programa de Cumprimento Normativo lles sexa aplicable.

3.3.5. Relación co sector público.

Toda relación de COGAMI con persoas ao servizo do sector público (incluidos altos cargos e persoal eventual ou de confianza), gobernos e autoridades deben basearse na legalidade, a neutralidade e a transparencia. Teñen terminantemente prohibido prevalerse dunha relación con elas (de parentesco, de amizade ou de calquera outro tipo) para intentar conseguir unha resolución que favoreza a COGAMI ou a calquera outra persoa.

Cando se empreguen persoas intermediarias para que actúen en nome de COGAMI ante o sector público haberán de adoptarse as medidas de dilixencia debida que sexan precisas para asegurar que a súa traxectoria profesional é intachable e que a relación non implica riscos ou prexuízos para a organización.

En ningún caso poderá autorizarse a eliminación de documentos, arquivos ou ficheiros relacionados con expedientes administrativos en trámite ou con procesos xudiciais abertos.

3.3.6. Relación co mercado.

COGAMI desempeña a súa actividade competindo de modo leal e rexeitando toda conduta contraria ás normas de competencia ou de calquera modo enganosa ou fraudulenta. As persoas suxeitas a este código deben negarse a recibir calquera información sobre competidoras se hai motivos que fagan sospeitar que foi obtida de xeito improcedente ou vulnerando a debida confidencialidade. COGAMI prohibe calquera actividade contraria aos usos honestos nas relacións empresariais, especialmente as que poidan violentar a libre e leal competencia no mercado.

3.4. PROTECCIÓN DOS ACTIVOS E DA INFORMACIÓN

3.4.1. Deber de confidencialidade.

A información non pública xerada ou á que se acceda dentro de COGAMI terá sempre, agás indicación expresa, a consideración de confidencial e só poderá ser empregada para atender aos fins para os que foi falicitada ou creada, nunca en beneficio persoal de ninguén. As persoas suxeitas ao Código teñen a obriga de protexela e de manter reserva sobre ela, obriga que se extende fóra da xornada laboral e que perdura tras a extinción do vencello con COGAMI. Tamén se lles esixe o cumprimento de toda a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal, coa que se comprometen por escrito cando entran a formar parte da organización.

COGAMI non permite o uso de información reservada ou confidencial procedente doutras organizacións sen a súa autorización escrita expresa. Así mesmo, garante a privacidade dos datos de carácter persoal que manexa, independentemente do soporte, adoptando as medidas organizativas e técnicas que os protexen de alteracións, perda ou tratamente ou acceso non autorizado. As persoas suxeitas ao Código que, polo seu traballo, accedan a eles responden da súa custodia e do seu tratamento conforme á lei e á normativa interna, debendo empregalos exclusivamente para os fins autorizados e respectar o dereito á intimidade das persoas a cuxos datos accedan.

COGAMI prohibe facer duplicados ou almacenar a información en dispositivos que non sexan da súa propiedade.

3.4.2. Responsabilidade e dilixencia.

As persoas suxeitas a este código han de actuar de xeito responsable e coa dilixencia debida no cumprimento das súas obrigas profesionais.

COGAMI procurará trazar quen promova, autorice, execute e verifique toda decisión da que poidan derivarse riscos para a organización, coa finalidade de que sexa posible comprobala e individualizar os posibles erros ou incumprimentos.

3.4.3. Uso respectuoso dos recursos.

Todos os medios técnicos, vehículos, maquinaria, instalacións e outros recursos que COGAMI poña a disposición das persoas suxeitas a este código teñen que destinarse, agás acordo noutro sentido, a un uso exclusivamente profesional e para a finalidade para a que se entregan e non poderán ser obxecto de disposición ou gravamen sen a correspondente autorización. Deben manterse en

bo estado, usalos de xeito responsable, protexelos e comunicar inmediatamente calquera anomalía ou mal funcionamento que detecte neles, así como todo uso abusivo ou desaxeitado. Deben devolverse cando COGAMI o solicite, cando deixen de ser necesarios e sempre que remate a relación coa organización.

Os recursos tecnolóxicos que COGAMI pon a disposición das persoas suxeitas a este código (equipos informáticos, correo electrónico, etc.) poden ser controlados mediante auditoría ou monitorización para asegurar o seu correcto funcionamento, garantir a continuidade operativa ou evitar calquera tipo de abuso ou uso fraudulento. Teñen que utilizarse repectando as medidas de seguridade implantadas, as cales non se poden desactivar sen permiso, e nunca para fins ilícitos como acceder sen autorización a sistemas informáticos alleos, interromper ou obstaculizar o seu funcionamento ou eliminar, deteriorar ou alterar, sen autorización, información contida neles ou en sistemas de COGAMI. Así mesmo, o uso de dispositivos tecnolóxicos persoais para acceder aos sistemas da organización con fins profesionais ten que estar previamente autorizado. Para tratar de actuar sempre segundo as mellores prácticas, COGAMI conta con Políticas organizativas relativas a sistemas e tecnoloxías da información.

COGAMI agarda das persoas suxeitas a este Código que respecten e defendan a propiedade intelectual e industrial da organización e das persoas coas que se relaciona, especialmente o software e outras obras protexidas por dereitos de autor, e prohibe empregar o logo, a marca e o nome de COGAMI (e de todas as súas organizacións) fóra do ámbito profesional.

3.4.4. Sometemento á legalidade e actuación en interese de COGAMI.

A actividade de COGAMI e das persoas suxeitas a este código debe desenvolverse con estrito cumprimento da legalidade vixente, da normativa interna e dos acordos alcanzados pola organización. Cando impoñan obrigas máis rigorosas cas previstas neste código, serán de aplicación preferente.

As persoas suxeitas ao Código deben evitar as condutas que, sen ser ilícitas, poidan prexudicar a reputación ou os intereses de COGAMI ou das organizacións coas que ten relación. Agárdase delas que, cando participen en medios sociais, deixen claro que o fan a título persoal, sen aparentar ou suxerir que as súas intervencións poden atribuírse a COGAMI ou son compartidas por ela. Só poden intervir en nome de COGAMI as persoas autorizadas expresamente e baixo a supervisión da organización.

4. SISTEMAS INTERNOS DE INFORMACIÓN

COGAMI cumpre coa normativa legal en materia de sistemas internos de información, con canles internas específicas na ferramenta *Canal Responsable*, propiedade dunha empresa especializada. Pode accederse a cada canle desde as diferentes páxinas webs corporativas para presentar comunicacións, incluso anónimas, con total garantía de confidencialidade e indemnidade, sen prexuízo das accións que puidesen proceder en caso de comunicacións falsas ou de mala fe.

As persoas suxeitas ao Código deben comunicar, a través da canle correspondente, as infraccións do ordenamento xurídico que coñezan, especialmente as de carácter penal ou administrativo; as infraccións do dereito europeo; e as irregularidades da normativa interna, incluídas as relacionadas con este código e co resto do Programa de Cumprimento Normativo.

As canles están abertas, tamén, aos grupos de interese, como empresas provedoras, clientas, usuarias, socias...

5. O ÓRGANO DE CUMPRIMENTO: O COMITÉ DE CUMPRIMENTO NORMATIVO.

O Comité de Cumprimento Normativo, órgano independente cuxas persoas membros son designadas pola Xunta Directiva de COGAMI, ten as siguintes funcións:

i. Velar pola observancia e a execución dos contidos deste Código e do resto da normativa do Programa de Cumprimento Normativo.

ii. Aprobar propostas de normas, manuais, procedementos... e elevalos á Xunta Directiva de COGAMI para a súa valoración e, se corresponde, a súa aprobación.

iii. Determinar os contidos e planificar as formacións en materia de cumprimento normativo e a divulgación e a comunicación do relacionado co Programa.

iv. Asesorar sobre o Programa a todas as persoas suxeitas ao Código e aclarar as dúbidas que poidan ter.

v. Elaborar, cando proceda, informes sobre a eficacia das medidas de seguemento e controis adoptados, particularmente os orientados á prevención de delitos e sancións.

vi. Adaptar o Programa aos cambios normativos e de actividade e as novas áreas de risco que se detecten e propor melloras.

vii. Relacionarse cos órganos de cumprimento doutras organizacións e coas entidades encargadas de promover a integridade ética de persoas públicas e privadas.

viii. Asumir a responsabilidade de ocuparse das comunicacións en materia de cumprimento normativo que cheguen a Canal Responsable.

As persoas que o conforman son:

- unha membro do Consello de Administración de Galega de Economía Social, que exercerá a Presidencia;
- unha representante da parte económica;
- unha representante da parte empresarial;
- unha representante da Xunta Directiva de COGAMI;
- unha representante da área de Persoas;
- unha asesora externa, que levará a Secretaría e terá voz, pero non voto.

Poderán participar nas reunións, con voz pero sen voto, aquelas persoas que o propio Comité considere oportuno a fin de que aporten o seu coñecemento e asesoramento sobre materias concretas.

O Comité reunirase, como mínimo, tres veces ao ano, previa convocatoria da Presidencia ou por solicitude de tres das súas persoas membros. Os acordos adoptaranse por maioría, debendo estar presentes, como mínimo, a persoa que exerza a Presidencia e tres das persoas con voz e voto.

6. RÉXIME SANCIONADOR.

A infracción dos mandatos do Código pode dar lugar á aplicación, axeitada e proporcionada, do réxime sancionador establecido na normativa laboral vixente ou no convenio colectivo de aplicación, sen prexuízo da inmediata comunicación dos feitos ás autoridades competentes cando así corresponda.

7. ENTRADA EN VIGOR E REVISIÓN.

O Código entrará en vigor tras a súa aprobación pola Xunta Directiva de COGAMI e será revisado cando haxa cambios en COGAMI, nas súas actividades ou na normativa legal. É un documento que complementa, non substitúe, as políticas, os protocolos e os procedementos de traballo implantados na organización. Se entran en conflito, debe consultarse ao Comité de Cumprimento Normativo, que pode propor, así mesmo, a modificación ou a modulación do alcance dalgunha disposición, sempre dentro da legalidade.